


Sambé: Ya na me importa (I).

Balac e Yslaire

"Sambe" é un drama romántico sobre a fatal relación entre Julie, misteriosa moza de ollos vermellos, e Bernard Sambé.

Unha boa estrutura narrativa e un bo debuxo, complementáanse coa original utilización da cor, especialmente centrada no simbólico e intenso vermello que marca toda esta historia que transcurre na Francia do século XIX.



Novidades de Banda Deseñada



Thorgal: Kriss de Valnor **Van Hamme e Rosinski**

Aventuras nos tempos dos viquingos. O guionista sabe combinar o heroísmo destes con doses de fantasía, con especial acerto.

Corto Maltese. Suite **Caribeña** **Hugo Pratt**

As influencias de Stevenson, London, Conrad ou Melville son notorias, como no futuro a de Borges. Corto é protagonista dunha serie de historias curtas, ambientadas nos anos da I Guerra Mundial. Pratt foi un dos grandes. Corto é o seu alter ego.



La puerta de Oriente **Vittorio Giardino**

Fridman, divorciado e pai dunha nena, vese metido esporadicamente na espionaxe contra a súa vontade. Iste é o segundo álbum da serie, do autor italiano Giardino, e ten lugar en Istambul nas vésperas da II Guerra Mundial.

BIBLIOTECA

Máis información sobre Banda Deseñada en


<http://biblioafonso.blogspot.com/>

Verano Indio

H. Pratt e M. Manara

Manara colaborou dúas veces con Pratt


En Verano indio a pegada de Pratt nótase especialmente nas nove primeiras páxinas: ausencia de texto, bo ritmo, espazos abertos, espírito narrativo tipicamente prattiano... E tamén na páxina onde matan a Natan. Pre-western de Pratt... ilustrado por un Manara ao servizo do seu admirado mestre.



El garaje hermético de Jerry Cornelius Moebius e Moorcock

Moebius é o pseudónimo de Giraud, o debuxante de Blueberry.

Asina así desde os anos '70 cando debuxa historias de fantasía ou ciencia-ficción. Neste caso é unha colaboración co escritor Moorcock.




El avispero D. Ceppi

Ceppi, autor suízo,, inicia neste álbum unha serie no que o protagonista irá desprazándose cara a Oriente: Turquía, India...


Príncipe Valiente Hal Foster

Valiant é un príncipe viquingo finalmente convertido nun dos cabaleiros da Táboa Redonda do Rei Arturo. O estilo de Foster era académico e alonxado da típica linguaxe da banda deseñada: nunca utilizou "globos", sempre textos fóra da viñeta, con personaxes impecablemente debuxados, pero de forma máis ben estática



Carlitos necesita a Snoopy Schulz


Para entrar na poesía desta serie debemos evitar ler tiras salteadas ou unhas cantas, pois os personaxes, a atmosfera melancólica e a ironía da serie só poden aparecer se a lectura é tira a tira, páxina a páxina...



El canto del gallo -El prolongado sueño del sr. T. Max

Max é desde hai bastantes anos un dos autores españoles máis innovador.

Este álbum é xa de hai anos, pero, non sendo do "último Max", tamén "son" Max, e non do peor, precisamente...



Teniente Blueberry: -La larga marcha -Nariz rota Charlier e Giraud

O guionista Charlier é o pai do western "Teniente Blueberry", debuxado por Giraud. Aparecen os escenarios propios do western, e vemos a Blueberry como marxinado no exército, comprometido coa causa india, como renegado.